



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e nove de outubro de dous mil once baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D.^a Olga María Blanco Teijeiro.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24/10/2011. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e catro de outubro de dous mil once.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, pregúntase se o regulamento de participación veciñal se está a tramitar como modificación. Repóstaselle polo secretario da corporación que efectivamente o expediente iniciouse cunha proposta da alcaldía de modificación.

Non se formulando ningún outro tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucións da alcaldía dende o día vinte e dous de agosto de dous mil once, ata o día vinte e un de outubro de dous mil once.

AGOSTO:

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 22.08.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 22.08.11, aprobación factura-pago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 23.08.11, aprobación factura-pago.

MEDIO AMBIENTE: Resolución da Alcaldía de data 24.08.11, autorización a José Manuel Corral Bellas, para lanzamento de fogos de artificio en representación da Comisión da XXIII Festa do Requeixo 2011.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 24.08.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Jesús Piñeiro Rodríguez, en As Neves 63B.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 25.08.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 25.08.11, aprobación factura-pago.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión licenza de obras a D. Alfonso Naveiras Feal para "Construcción dun pozo de barrena", no lugar de A Barbela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión de licenza de obras a Dna. Purificación Bello Soto, para "Cambio de cubrición dunha vivenda existente", no lugar de O Coto, 5 - A Capela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión de licenza de obras a Dna. Isabel Freire Martínez para "Conservación e mantemento na cuberta dunha vivenda existente", no lugar de Vilar de Mouros.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión de licenza de obras a D. Daniel Meizoso Sanmartín para "Conservación e mantemento de bodega existente", no lugar de Vilarón.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.09.11, concesión de licenza de obras a D. Fernando Calvo Vilar para "Construcción de Vivenda Unifamiliar", no lugar de A Buiña.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión de licenza de obras a D. Francisco Eliseo Arnos Calvo, para "Construcción de cerramento de finca+construcción de muro para acondicionamento interior da parcela", no lugar de Vilar de Mouros.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, concesión de licenza de primeira ocupación para a vivenda sita no lugar de O Pousadoiro a D. Luis Meizoso Fornos.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 29.08.11, aprobación gasto.

MEDIO AMBIENTE: Resolución da Alcaldía de data 29.08.11, autorización para lanzamento de fogos de artificio a D. Juan Paz Arnos representante da Comisión da Festa de San Boulo 2011.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 30.08.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Sandra Selma Gil e D. Aarón Tenreiro Selma, no lugar de As Neves, 2A.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 31.08.11, nomeamento de D. Jesús Franco Rodríguez como Secretario-Interventor Accidental ata a incorporación do titular D. José Antonio Meizoso Paz por disfrute das súas vacacións.

PADRÓNS FISCAIS: Resolución da Alcaldía de data 31.08.11, aprobación do Padrón Fiscal da Taxa de Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de RSU, correspondente ó 3º trimestre.

SETEMBRO:

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 01.09.11, aprobación da oferta pública de emprego 2011/consolidación de emprego temporal dunha praza de operario de servizos múltiples-oficial 2ª e dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 01.09.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. José Manuel Cibreiro Redondo, no lugar de Igrexa, 6-San Boulo.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 01.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 01.09.11, aprobación factura-pago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 02.09.11, aprobación factura-pago.

SUBVENCIONS: Resolución da Alcaldía de data 02.09.11, concesión de subvención á Comisión de Festas de San Boulo 2011 por importe de 300,00 €.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 05.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 05.09.11, aprobación facturas-pago.

CONTRATACIÓN: Resolución da Alcaldía de data 08.09.11, aprobación certificación única da obra denominada "Recuperación da área do camiño real

de Gunxel aos Paces", presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro, S.P.C. por importe de 14.400,00 €

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 08.09.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. David Meizoso Paz, no lugar de Os Roxedoiros, 4-Cabalar.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 09.09.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Alejandro Vigo Paz, no lugar de A Porta, 13-Caaveiro.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 09.09.11, aprobación facturas-pago.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 12.09.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Vanessa Paz Seco, no lugar de Cenzoi, 2-Caaveiro.

RÉXIME INTERIOR: Resolución da Alcaldía de data 12.09.11, proposta dos días 6 de agosto e 16 de agosto de 2012, como días de festas locais.

CONTRATACIÓN: Resolución da Alcaldía de data 12.09.11, contratación do servizo de "Conserxería do CEIP Mosteiro de Caaveiro", mediante o procedemento de contrato menor co contratista Alberto López Vázquez-Limpiezas La Unión.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 12.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 12.09.11, aprobación factura-pago.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 14.09.11, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Javier Fernández Martínez e Dna. Leonides Hinojosa Suita e D. Alejandro Fernández Hinojosa, no lugar de Vilarón, 3.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 14.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 14.09.11, aprobación factura-pago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 16.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 19.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 19.09.11, aprobación factura-pago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 21.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 21.09.11, aprobación factura-pago.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 21.09.11, concesión de licenza de obras a D. Fernando Calvo Vilar para "Construcción dun pozo de barrena", no lugar da Buiña.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 21.09.11, concesión de licenza de obras a D. Jesús Barcia Carbón, para "Conservación e mantemento na cuberta dunha vivenda existente", no lugar de A Teixeira.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 23.09.11, recoñecemento do quinto trienio á funcionaria municipal Dna. María América Uceira Criado.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 23.09.11, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. David Varela García.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 26.09.11, recoñecemento do oitavo trienio á funcionaria Dna. Josefina Fernández Ferreira.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 26.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 26.09.11, aprobación facturas-pago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 27.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 28.09.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 29.09.11, aprobación facturas-pago.

OUTUBRO:

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 03.10.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 03.10.11, aprobación facturas-pago.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 04.10.11, aprobación de bases que rexerán a convocatoria das prazas incluídas na oferta pública de emprego 2011/consolidación de emprego temporal.

CONTABILIDADE: Decrero da Alcaldía de data 05.10.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 05.10.11, aprobación facturas-pago.

PADRÓN FISCAIS: Resolución da Alcaldía de data 07.10.11, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2011 por importe de 2.036,25 €.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Resolución da Alcaldía de data 07.10.11, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Miguel Angel Caridad Lago.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 10.10.11, aprobación gasto.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 14.10.11, prorroga dunha anualidade, equivalente ao curso 2011-2012, asinado coa empresa Keilin, S.L. para a prestación do servizo docente na Escola Municipal de Música da Capela.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 17.10.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 17.10.11, aprobación facturas-pago.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a Dna. Isaura Castro Arnoso e D. Francisco Graña Plaza para "Construcción de Vivenda Unifamiliar", no lugar de Formariz-Cabalar.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a Dna. Rosario Cuba Penabad e D. Manuel Seijo Sabín para "Rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar tradicional", no lugar de Porcar-A Capela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a D. Juan Bouza Balsa para "Conservación e mantemento de cuadra existente", no lugar de Os Picos-A Capela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a D. Eduardo Rodríguez Fraga, para levar a cabo obras de "Conservación e mantemento dun alpendre existente", no lugar de O Seixo-A Capela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a D. Manuel Seijo Sabín para "Construcción dun pozo de barrena", no lugar de Porcar-A Capela.

URBANISMO: Resolución da Alcaldía de data 18.10.11, concesión de licenza de obras a D. Secundino García Mera, para "Construcción de cerramento de parcela", no lugar de Vilarón-A Capela.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 19.10.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 19.10.11, aprobación factura-pago.

PERSOAL: Resolución da Alcaldía de data 19.10.11, apertura prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria das prazas da oferta pública de emprego-consolidación de emprego temporal do exercicio 2011, unha praza de operario de servizos múltiples e dúas de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 20.10.11, aprobación gasto.

CONTABILIDADE: Decreto da Alcaldía de data 20.10.11, aprobación facturas-pago.

O pleno queda enterado.

3. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta das mocións presentadas polo Grupo Municipal de Alternativa Independiente de A Capela, que copiadas literalmente din:

PRIMEIRA.

"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA A FIN DE QUE SE LLE DE SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DA AUGA QUENTE NAS INSTALACIÓNS DOS CALZADOS.

Dende xa fai demasiado tempo, nas instalacións deportivas que ten o Concello nos Calzados, existe un grave problema coa instalación da auga quente. Os acumuladores alí instalados non funcionan correctamente e ademáis non son suficientes para unha práctica deportiva continuada, polo que en ocasións non hai auga quente para ducharse cando coinciden dous ou máis partidos nestas instalacións co conseguinte trastorno e a mala imaxe do concello de cara ó exterior.

No pasado Pleno Ordinario de data 27 de agosto de 2011, aprobouse por todos os grupos políticos con representación no concello, levar a cabo unhas obras para a mellora do Salón de Plenos por un importe de 15.000 euros, obra que non ten a urxencia necesaria, ó noso entender, para que teña que ser acometida nestes momentos.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

Que por parte do equipo de goberno se leven a cabo as xestións necesarias para que a partida económica destinada a sufragar a obra de mellora do Salón de Plenos, se destine para dar solución ó problema da auga quente nas instalacións dos Calzados, por considerar este grupo político que ten máis urxencia esta última obra."

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o motivo da presentación da moción é que no pavillón dos Calzados non hai auga quente, os calentadores fallan a miúdo, e tendo en conta que o derradeiro vinte e sete de agosto en sesión ordinaria do pleno aprobouse unha modificación orzamentaria para acometer obras de reforma no salón de sesións que non se consideran prioritarias, e polo que se propón que se destine ese diñeiro a arranxar os problemas ca auga quente no pavillón polideportivo de Os Calzados.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que se todos os grupos municipais están de acordo pola banda do Grupo Municipal do PS de G- PSOE non existe inconvinte.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que se trata dunha antiga demanda do seu grupo e que se debe arranxar non só o tema da auga quente senón a instalación eléctrica do pavillón.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que no anterior mandato xa se fixera algún estudo ó respecto e cre lembrar que había algún orzamento presentado por algunha empresa da Capela e que o custo estaba no entorno dos 11.500€.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres/Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión aproba por unanimidade a moción presentada polo grupo municipal de AIAC.

SEGUNDA.

"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNANTIVA INDEPENDIENTE DE A CAPELA PARA QUE POR ESTA CORPORACIÓN SE SOLICITE Á XUNTA DE GALICIA O DESENROLO NA CAPELA DUN PROGRAMA DE ESCOLA OBRADOIRO.

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- No noso Concello actualmente están previstas varias obras de rehabilitación según aprobou ese equipo de goberno. Estas obras inclúen a rehabilitación do Lavadoiro de Gunxel e a Fonte de San Boulo.

Aparte destas dúas obras xa propostas, por parte de AIAC tamén cremos necesario arranxar o machuco que se encontra en Cabalar, dado o seu penoso estado que ten na actualidade, despois de sufrir un derrubamento das súas paredes ó pouco de ser rehabilitado.

SEGUNDO.- Por parte da Xunta de Galicia establecéronse programas de escolas obradoiros e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade destes programas é mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e

social que posibiliten ao alumnado traballador a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional ocupacional recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral. Integraránse en plans emprego que dean resposta ás demandas do mercado de traballo e sexan capaces de activar o desenvolvemento territorial, xerar riqueza e, consecuentemente, postos de traballo.

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

A proposta por parte de AIAC é que se solicite á Xunta de Galicia o desenrolo neste concello, ou de maneira mancomunada con outro concello, dunha escola obradoiro para a rehabilitación das obras xa mencionadas e ó mesmo tempo para que sirva de formación profesional do alumnado que se inscriba para a súa posterior inserción laboral."

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que esta moción xa foi presentada no mandato anterior, pero de acordo cos datos de que dispón o grupo municipal non se lle deu trámite, na moción só se pide que se fagan os trámites para crear si se pode unha escola obradoiro, xa que con ela poderíanse levar a cabo obras de restauración e rehabilitación do patrimonio municipal.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que con fondos propios non é posible e que deberá solicitarse ó abeiro das axudas que outorga a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, no 2010 sí houbo axudas pero no ano 2011 non; non obstante non existe inconvinte en facer unha memoria e se no futuro saen axudas solicitala.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que unha cousa é a vontade e outra a realidade, xa que neste intre non é viable unha escola obradoiro para A Capela, que en todo caso habería que mancomunala con outros concellos e orientala hacia o tema do turismo involucrando sobre todo ó Concello veciño de Monfero.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que no derradeiro mandato municipal solicitaronse tres escolas cunha duración dun ano, pero que non foron concedidas, está ben facer os trámites, pero parece un pouco utópico, en todo caso de facerse habería que mancomunala con Cabanas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión aproba por unanimidade a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC.

TERCEIRA.

"ASUNTO: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA A FIN DE QUE SE LEVEN A CABO AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA DOTAR A CAPELA DE SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL.

ANTECEDENTES.

Un dos motivos do grave descenso poboacional que está a sufrir o noso concello vén dado pola baixa natalidade, solo 4 nacementos no ano 2008.

As parellas de mozos atópanse con demasiados problemas á hora de asentarse no noso Concello. Aparte do grave problema para adquirir ou construír unha vivenda na Capela e o inconveniente de ter que buscar traballo noutros concellos, súmase tamén a inexistencia dunha gardería infantil na que poder deixar ós nenos durante a xornada de traballo dos pais.

A falta dunha gardería leva consigo que as parellas teñan que recurrir ás garderías doutros lugares, pero atópanse coa problemática de que ó non residir no concello non obteñen praza, dada a súa escasez xa para os do propio concello, o que as leva en moitos casos, a tomar a decisión de irse a vivir a un concello con gardería.

Dende AIAC somos conscientes das dificultades que poden existir para poñer en funcionamento unha gardería infantil na Capela, dada a escasa poboación, polo que en caso de que non se obteña a financiación necesaria, habería que negociar con outro concello limítrofe, como pode ser Cabanas que se atopa na mesma situación, para mancomunar este servizo que cremos fundamental para o desenvolvemento do noso concello.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Que por parte do equipo de goberno se leven a cabo as xestións necesarias para dotar dunha gardería infantil o noso concello, sexa esta de titularidade

municipal ou autonómico, nun dos múltiples locais dos que dispón, e rematar así cun dos problemas que está causando a perda de poboación.

Para o caso de que isto non sexa viable, se leven a cabo as negociacións oportunas con outro concello limítrofe para mancomunar este servizo".

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que esta moción tamén foi presentada no derradeiro mandato municipal e que tampouco se tramitou, o único que se pide e que se dote a Capela dun servizo de gardería ben prestada polo propio concello ou mancomunada, e de non poder facerse, levar adiante as xestións oportunas para que os nenos da Capela poidan ser matriculados en igualdade de condicións nas garderías municipais do entorno.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dise que en principio o Concello non dispón de locais axeitados para tal fin, únicamente se houbera cesión por parte do Colexio Público.

Polo concelleiro do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, D. José Manuel Corral Bellas, dise que nos concellos rurais as garderías denomínanse puntos de atención á infancia (PAI), pero cunhas condicións moi estritas en canto a locais e persoal.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que hai que ser realistas e que no momento actual este asunto é difícil pero en todo caso habería que intentar chegar a acordos co Concello de Cabanas para mancomunar o Servizo Municipal de gardería con eles.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que o Concello da Capela nin dispón da financiación nin ten nenos suficientes para acometer unha gardería municipal, ademáis tampouco dispón de local axeitado para tal fin.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros/a, asistentes á sesión, aproba a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC.

Dase conta da moción presentada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que copiada literalmente di:

"D. José Seco Fernández con D.N.I. nº 32 624 246 - B, voceiro do grupo do Partido Popular de A Capela nesta corporación ó amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

EXPOÑEN QUE:

No ano 2006, apróbase definitivamente o PXOM en A Capela, sendo consciente, que naqueles intres a aprobación é por unanimidade, non é menos certo que existe unha clara opinión, da necesidade da reforma urxente do PXOM.

Son varias as iniciativas que, este grupo, propuxo en épocas anteriores a reforma e adaptación do Plan a nova lei do ano 2010. (Pleno diciembre 2009, xuño 2010, propostas, etc.).

Como queira que a disposición do equipo de goberno parece, cando menos, máis dialogante que o anterior. É polo que o PP de A Capela insiste na necesidade de cambiar o PXOM e propoñemos o Pleno a seguinte

MOCIÓN:

Dotar dunha partida orzamentaria para o ano 2012 para acometer os estudos e reformas parciais para adaptar o PXOM a lei do ano 2010 e a realidade de A Capela."

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que o que se pide na moción é moi sinxelo, e xa que existe un "ambiente intelectual" entre todos os grupos que consideran necesario e prioritario a modificación do PXOM do que se trata é de dotar unha partida nos vindeiros orzamentos para iniciar os traballos de revisión do PXOM.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que en datas recentes mantívose unha reunión co arquitecto redactor do Plan, e que a vindeira semana vaise convocar a primeira reunión de traballo para arrancar coa revisión do PXOM.

Manifesta así mesmo que é intención do equipo de goberno dotar nos orzamentos do exercicio 2012 dunha partida para iniciar e poder contratar os traballos no vindeiro ano.

Polo concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise estar contento co manifestado polo Sr. Alcalde e poder empezar dunha vez por todas a revisión do PXOM.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, compartese o xa manifestado sobre a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, que coincide coa que presenta tamén o Grupo Mixto - BNG.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión aproba a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Dase conta das mocións presentadas polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, que copiadas literalmente din:

PRIMEIRA.

"Foi aló no remate dos anos setenta que un mestre, nado na Mourela (Neda), chegou ata o concello de A Capela. Con el inaugurouse o colexio no curso 1979/80.

Ó longo dos anos que pasou traballando nesta localidade este home foi conseguindo crear neste centro escolar un bo clima de colaboración e convivencia entre todas as persoas que foron pasando por el durante máis de trinta anos. Sempre buscou que o colexio fose máis ca unha escola, que tivese un estilo propio, baseado nuns prantexamentos educativos moi claros: boas relacións, participación activa do alumnado e das familias, interrelación ca realidade sociocultural de A Capela e, sobre todo, unha escola integrada no medio onde se atopa.

Era, e máis é, unha persoa non moi dada a teorizar, mais ben sempre ensinou dando exemplo: cantas horas extraescolares pasou no colexio, cantas veces foi confundido co conserxe ó estar traballando co buzo posto, cantos días pendente de poñer a funcionar a calefacción ou atender ós problemas da caldeira, cantas viaxes no seu coche para levar a nenas ou nenos á casa ou ó médico, cantas noites se achegou ata a escola porque o chamaban os veciños que soaba a alarma...

O colexio de A capela sempre foi un referente en experiencias pedagóxicas: Campañas de fomento da lectura (moitos escritores ou escritoras teñen pasado por el), Publicacións de literatura popular("Lerías na parañeira"), Defensa e conservación do medio ambiente (Parque o Bidueiral), Colección etnográfica

(hoxe Museo etnográfico da Capela), Educación en valores, defendendo a nosa cultura (Premio Educacompostela),...

Unha característica que distingue ó CEIP Mosteiro de Caaveiro é o grao de normalización lingüística acadado, no que a nosa lingua, o Galego, segue a ser a lingua habitual empregada nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade educativa. Grazas ó seu xeito de enfocar esta faceta, conseguiuase e segue a conseguir, que o profesorado que pasa por A Capela se adapte á realidade lingüística que se "respira" na escola.

Dende o ano 2003 foi o impulsor da creación dunha proposta educativa global, para aplicar a todo o alumnado e que xira arredor do mundo de xogo. Xurdiu así o Proxecto Brinquedos; por medio deste fixéronse Xornadas de xogos galego -portugueses (dirixidas ó profesorado), creouse nos patios da escola o Centro de Interpretación de xogos tradicionais "Brinquedos" (que cada curso é visitado por máis de mil nenas e nenos), participouse no Plan Valora, no que os xogos son un recurso básico para educar en valores, traballouse durante dous anos nun Proxecto de cooperación territorial ("Xogando coma sempre") entre Comunidades Autónomas, con colexios de LLeita e de Eivissa e iniciouse a creación do Museo do xoguete "Brinco" (nos corredores e paredes da escola).

Este curso pasado, o 2010/11, despois de 32 anos de dedicación exclusiva á comunidade educativa de A Capela, este "mestre de mestres" e mellor persoa, xubilouse. O seu nome con maiúsculas é

SECUNDINO GARCÍA MERA

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos deste Pleno, que nomee a Secundino García Mera, fillo adoptivo do Concello de A Capela."

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dise que na moción presentada explícase xa o historial no ámbito educativo e persoal referente a Secundino García Mera, que leva educando a tres xeracións de persoas no noso Concello, e o que se trata é sinxelamente de recoñecerlle o seu traballo no eido educativo e social.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal do PS de G - PSOE, D. José Manuel Corral Bellas dise que o seu grupo vai a votar en contra non polos méritos que reúne a persoa de Secundino García Mera, senón porque estes nomeamentos honoríficos deberían de vir por outras vías a través das entidades sociais e non polos grupos políticos, ademáis habería que dotarse dun regulamento, reitera o

concelleiro do Grupo Municipal do P S de G- PSOE, que estes nomeamentos deben de ser consensuados no ámbito social e non ser nomeamentos políticos.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que os nomeamentos non son políticos senón que son propostas da institución, sinala que é grave que o concelleiro de cultura non coñeza a existencia dun regulamento de honras e distincións.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que se debe retirar a moción, xa que esta moción contén unha proposta sesgada porque Secundino García Mera, estivo na política recentemente, polo tanto débese modificar a ordenanza reguladora no senso de constituir un Tribunal de Méritos que avalie aos candidatos propostos, xa que si cada grupo político presenta unha distinción mal andamos.

Toma a palabra D. Fernando Vilar Díaz, concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, para poñer de manifesto que está de acordo co manifestado polo Concelleiro delegado de Cultura D. José Manuel Corral Bellas, no sentido de que estes asuntos deben ser consensuados e non semella xeito adecuado presentar propostas de nomeamento por parte dos grupos políticos.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo sinálase que de acordo co regulamento isto só pode facerse por proposta da Alcaldía ou a través do pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase que debe modificarse a ordenanza para a creación dun órgano que recolla e avalie os méritos da xente, no mesmo senso pronúnciase o Concelleiro Delegado de cultura D. José Manuel Corral Bellas, no senso de crear unha especie de Consello Consultivo.

Remata a rolda de intervencións o Sr. Alcalde-Presidente co compromiso de presentar unha proposta de modificación da ordenanza de honras e distincións.

Antes da votación polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo retírase a moción.

SEGUNDA.

"O BNG de A Capela vén intentando consensuar e mellorar o PXOM dende que o permite a modificación puntual da Lei 9/2002.

Esta modificación permite incluír no PXOM os núcleos que no momento da aprobación do actual Plan Urbanístico non foi posible (no proxecto inicial estaban incluídos a gran maioría pero foron rexeitados pola Xunta).

Esta modificación iniciouse a petición do BNG nun traballo de colaboración cos servizos técnicos municipais para os urbanizables de A Serra, Mouriñas, As Covachas, Os Moutillós e O Grilo. Para este proceso convocouse ós veciños para crear un topónimo que sería o primeiro paso necesario previo á realización do proxecto de urbanización.

Despois de preguntarlle ó Sr. Alcalde en que situación estaba esta modificación, no anterior Pleno, dixo "que non o sabía, que seríamos informados cando o arquitecto municipal volvese das vacacións". Pasados dous meses seguimos sen recibir ningún tipo de información ó respecto.

Nós, cremos que é unha irresponsabilidade por parte do equipo de goberno crear falsas expectativas nos propietarios afectados e logo non cumprilas nin dar ningún tipo de explicación ó respecto.

Como portavoz do BNG non teño constancia de que o Concello realizase ningún trámite oficial para que estes lugares obtivesen o mencionado topónimo que se solicitaría a Xunta e que foi previamente acordado polos veciños.

Por outra band, no último Pleno con data 27/08/2011 presentamos unha moción (rexistro de entrada 793) para unha modificación puntual PXOM referente ós núcleos excluídos.

Todos os grupos políticos (excepto o PSOE) estaban a favor da aprobación de dita moción, que permitiría a inclusión destes núcleos, e que nós seguimos considerando prioritaria para o concello de A Capela, xa que todos os veciños temos as mesmas obrigas, tamén debemos de ter os mesmos dereitos.

Por todo isto, propoñemos ó Pleno deste concello o seguinte:

1. Realizar unha modificación puntual do PXOM que permita a inclusión de todos os núcleos do noso concello que neste momento estean excluídos do mesmo adaptándose á modificación da citada lei.
2. Iniciar os trámites de xeito urxente para obter os topónimos dos urbanizables.

3. Dedicar unha partida económica procedente do POS, ou dos presupostos do 2012, que sexa suficiente para a contratación dun equipo técnico que poida facer a delimitación dos núcleos excluídos e proceder á redacción dun proxecto de urbanización.

4. Crear unha comisión de seguimento do proceso onde se inclúan todos os grupos políticos e o arquitecto municipal, co obxecto de realizar xuntas informativas periódicas cos afectados."

Sen debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión aproba a moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

TERCEIRA.

"Con datas 30/04/2011 e 20/06/2011 presentamos dous escritos dirixidos ós alcaldes vixentes nese momento.

A petición era a seguinte:

Todos os traballadores do Concello teñen os mesmos dereitos, e a obriga dos responsables políticos e facer que isto se cumpra.

Acordouse darlle unha paga de produtividade a todos os traballadores (proba de que isto é certo, e que varios a cobraron en distintas etapas, verificable nas súas nóminas).

É triste que despois de tanto tempo sigamos a darlle voltas a este tema de moi fácil solución con escusas e pasando a pelota de uns a outros.

Nós solicitamos deste Pleno:

Que de forma inmediata se faga efectivo o pago de produtividade a todos os traballadores que teñan pendente este cobro".

Polo Sr. Alcalde-Presidente infórmase ó voceiro do Grupo Mixto - BNG, que a presente moción non pode ser debatida nin votada no pleno, xa que se trata dun asunto que non é competencia do Pleno da Corporación, senón directamente do Alcalde-Presidente polo que pode reformular o texto da moción como rogo ou pregunta.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo pídese que quede presentado como rogo o texto da presente moción.

CUARTA.

"Dado que todos os veciños temos dereito ós servizos básicos municipais, e neste concello é un servizo básico o acceso a traída de auga, hai moitos veciños que están discriminados de xeito manifesto.

Nós creemos que esta discriminación debe de ser correxida na medida do posible e segundo os recursos económicos dispoñibles. Proximamente este concello vai decidir en que inverter 126.000 € aproximadamente, que é o que nos corresponde polo Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial.

Xa levo manifestado de xeito reitarado que todos os veciños de A Capela residentes en un núcleo dotado con traída municipal de auga e solicite dito servizo, o Concello ten a obriga de atender a súa petición.

Existen varios casos en distintos núcleos en A Capela que teñen traída de augas pero os veciños solicitantes non teñen aceso á mesma (Porcar, Vilaríños, Sande, Os Calzados, Vilasuso...).

Polo mesmo, solicitamos deste Pleno, que se dote dos medios económicos necesarios, ben a través do POS ou dos presupostos municipais do exercicio 2012, para poder realizar estas acometidas."

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que é prioritario ó tratarse dun servizo básico que cando o abastecemento de auga chega a un núcleo debe dotarse e dar servizo a todos os veciños do mesmo, e neste xeito vese que hai unha serie de veciños en diversos núcleos ós que se lle debería dar servizo prolongando a rede xeral.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que agora mesmo non hai dotación económica para facer ese gasto e que no POS 2012 a proposta que vai a facer o equipo de goberno e a construción dun parque público en As Neves, e o resto da cantidade asinada dotala como gasto corrente.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que o servizo da auga é básico e que polo tanto o seu grupo está de acordo en que hai que dotar a tódolos veciños.

Polo concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que se está de acordo co texto da moción presentada polo Grupo Mixto - BNG, aínda que debe de facerse cando economicamente se poida.

Remata a rolda de intervencións o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, sinalando que deben de ser 5 ou 6 persoas as que se atopan na situación descrita na moción, e que polo tanto o gasto que ten que afrontar o concello é posible.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais Mixto -BNG, PP e AIAC e 4 votos en contra dos Sres. /Sra. Concelleiros /a do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, en primeira votación; repetida a votación obténse o mesmo resultado), rexeita a moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Dase conta dos rogos presentados por Alternativa Independiente de A Capela,

1. Dende xa fai un tempo vimos observando que non se organiza ningunha excursión ou viaxe no concello, tanto para o colectivo daterceira idade como para todo aquel que queira ir. A falta de actividade da Asociación de Veciños está a levar a esta situación, pois era quen se encargaba de organizar estas saídas.

Por iso,

ROGAMOS ó equipo de goberno que se faga cargo da organización destas excursións ou viaxes para os veciños do concello, pois actualmente non se está levando a cabo ningunha actividade deste tipo que creemos interesante, sobre todo para o colectivo da terceira idade.

Polo Concelleiro Delegado de cultura D. José Manuel Corral Bellas, dise que o problema das excursións e xuntar a xente, xa que da experiencia das que organiza o museo etnográfico ningunha se puido levar a cabo por falta de xente

ROGO DO BNG

- Convoque unha xuntanza pública de xeito urxente a todos os afectados polo Parque Natural Fragas do Eume para facer as alegacións que se crean oportunas respecto Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque e que o Concello faga as funcións de coordinación destas posibles alegacións.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o documento en cuestión está en fase de suxerencias aínda non de alegacións, pero que non existiría inconveniente en convocar aos veciños

ROGOS DO PARTIDO POPULAR

1º) As actividades das escolas deportivas e ximnasio, baixo o noso punto de vista, non están todo o activas que potencialmente ses podería pensar. ROGAMOS se estudie e, si procede, establecer Bonos familiares para fomentar a participación.

Polo Concelleiro Delegado de Cultura dise que se toma nota do rogo.

2º) Na páxina web que ten o Concello de A Capela no apartado de convocatorias e axudas, aparece unha cantidade de 5050 €, a repartir entre cinco asociacións.

ROGAMOS, se faga constar Proxecto, solicitude e concesión a cada Asociación.

Polo Concelleiro Delegado de Cultura dise que non existe inconveniente en detallar toda a información .

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, fórmulase "in voce" que se arranxe a barandilla da ponte da Fraga Vella.

Polo Concelleiro Delegado de Obras, D. Jaime Barcia Rodríguez, respótaselle que se está a traballar no tema.

PREGUNTAS AIAC

1. A recente restauración da Casa dos Lagoeiros xa está a dar os primeiros problemas, pois a madeira da porta de entrada e a das ventanas está en moi mal estado. Vai tomar medidas o equipo de goberno coa empresa que instalou a madeira?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa se falou coa empresa que fixo a obra, e mentres non o arraxe non se lles vai a devolver o aval depositado.

2.- Actualmente o servizo médico da Capela deixa moito que desexar. O médico que ten que substituír ó titular non está máis que 4 horas na consulta, co conseguinte retraso nas citas. Vai tomar o equipo de goberno algunha medida ó respecto?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se ten falado co Xerente da Área Sanitaria e co Médico do Centro de Saúde, e efectivamente as horas non se cubren, pero na Xerencia din que non consta ningunha queixa ao respecto.

3.- Para cando o tan prometido local para os grupos políticos deste Concello?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente de que o Concello non dispón de locais para todos os grupos e que en todo caso pódese tentar de arranxar o local do xulgado sempre e cando se compartan polos distintos grupos municipais.

4.- Na pasada xunta de voceiros do día 8 de setembro de 2011, falou-se de que se ía facer unha mesa de traballo para reformar o PXOM. Cando ten pensado o equipo de goberno constituir esa mesa?

Dase por contestada.

5.- Nesa mesma xunta, falou-se de mancomunar un punto limpo con outros Concellos dos arredores. Xa está ese proxecto en marcha?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa ten falado co Alcalde de Cabanas e que no vindeiro ano existe o compromiso de facer o punto limpo, e entón daquela voltarase a falar do tema.

6.- Algúns dos veciños que xa teñen solicitado o engancho á traída municipal de auga, fixéronnos saber as súas queixas polo retraso que está dando, que nalgúns casos xa teñen feito o engancho dende fai un mes e aínda non teñen auga. Cal é o motivo?

Resposta o Concelleiro Delegado de Obras, D. Jaime Barcia de que a pesares de que se fixo unha xuntanza coa xente as solicitudes fanse cando á xente lle parece e en todo isto hai un proceso e un tempo que se vai cumprindo pouco a pouco.

PREGUNTAS DO BNG

- Despois de haberlle comentado varias veces como se ía resolver o paso do camiño ó Forgoselo (San Boulo), e sen obter ningunha resposta concreta, e estar aprobada por este Pleno a expropiación do terreo necesario para a realización da obra (40 m²), realizouse algunha xestión? Sabe vostede que os acordos plenarios son de obrigado cumprimento? Ten pensado realizar algunha xestión de xeito inmediato?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que non se iniciou aínda ningún trámite, xa que primeiro quere falar persoalmente co propietario.

- A ordenanza da traída municipal de augas ten varios erros en diversos artigos, e pediúselle, varias veces que convocase a todos os grupos políticos para estudar as posibles modificacións, tando do regulamento coma das taxas. Vaise crear esta comisión? De ser así, cando vai ser?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que haberá que revisar as taxas pero nun prazo prudente, xa que primeiro haberá que ver o número de contratos aos que se chega, así como o custo total efectivo do servizo.

- Vostede dixo fai dous meses que íamos a facer unha mesa de estudio para a modificación do PXOM e, por suposto, non foi así. Cando ten pensado constituír dita mesa?

Dase por contestada.

PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

1ª) En referencia a unha proposta do PP de A Capela, sobre poñer alumado público en torno a igrexa do Pazo ¿Ten o equipo de goberno acometer esta obra?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa se ten falado coa persoa encargada do mantemento do alumado público para que se dote a lo menos cunha farola.

2ª) ¿Ten pensado o equipo de goberno adherirse a os concellos de Cabanas e Fene para compartir parcela e xestión dun Punto Limpo?

Dase por contestada.

3ª) ¿En que punto está o asfaltado de travesía As Neves?

Respótese polo Sr. Alcalde-Presidente que se falou con responsables da COTOP e que van a facer unha memoria para o aglomerado entre Vilarón e o cemiterio, pero de momento non hai diñeiro.

4ª) ¿Cómo se encontra a reforma da Sala de Xuntas?

Dase por contestada.

5ª) O entorno da Capilla de As Neves, falado do asunto en algunha Xunta de Voceiros, ¿tense pensado facer algunha actuación?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que esa zona de terreo non é do Concello, xa que hai tres propiedades, unha parte dos veciños, A Pena é do Arzobispado, e a terceira parte é de Capilla

6ª) ¿Que pode dicir o Alcalde sobre o núcleo da Barbela que teóricamente se ía dedicar a turismo?

Resposta o Sr. Alcalde que as obras, están paradas, xa que existe un expediente de reposición de legalidade urbanística que tramita a Axencia de Protección de legalidade urbanística da Xunta de Galicia.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz